

**BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, DE TRABALLADORES/AS PARA O SERVIZO DENOMINADO "BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTÁIS" AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E OS CONCELLOS DE CARTELLE, CELANOVA, GOMESENDE, A MERCA, PONTEDEVA, QUINTELA DE LEIRADO, RAMIRÁS E VEREA TODOS ILES ADSCRITOS A MANCOMUNIDADE TERRA DE CELANOVA, PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTÁIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE MEDIOS DE PREVENCIÓN E DEFENSA.**

### **PRIMEIRA- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección para contratar brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais ao abeiro do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e os Concellos de Cartelle, Celanova, Gomesende, A Merca, Pontedevea, Quintela de Leirado, Ramirás e Vereá para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa, composta por cinco membros, un/unha xefe/a de brigada, e catro traballadores de retén de incendios, sendo o soldo de xefe de brigada de 1.150 Euros brutos mensuais e o dos traballadores de retén de 950 Euros brutos mensuais incluíndo a parte proporcional das pagas extras. No concello de Vereá constituiranse dúas brigadas, e no concello de Gomesende a Brigada estará composta por catro membros, 1 xefe/a de brigada e 3 reténs de incendios.

### **SEGUNDA- NATUREZA DO CONTRATO**

A natureza dos contratos será laboral temporal ao abeiro da lexislación vixente, iniciándose a prestación desde a data da sinatura do contrato ou a alta de dito contrato, e cunha duración de tres meses. Os primeiros quince días serán o período de proba.

### **TERCEIRA.-RÉXIME XURÍDICO DA CONVOCATORIA**

A relación rexerá pola lexislación laboral sendo de aplicación principalmente o RD 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do

Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ó persoal ó servizo das Administracións Públicas e especialmente ás locais, e en especial o Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e os Concellos de Cartelle, Celanova, Gomesende, A Merca, Pontedeva, Quintela de Leirado, Ramirás e Vereá para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa.

#### **CUARTA.-REQUISITOS PARA CONCURRIR**

Para tomar parte na convocatoria, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Nacionalidade:

- Ter nacionalidade española
- Ser nacional de algún dos estados membros da Unión Europea
- Ser nacional de algún Estado no que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Poderán participar, tamén, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes de españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e dos seus cónxuxes sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
- Ter residencia legal en España, en caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos apartados anteriores.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.

c) Idade: Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima da xubilación forzosa.

d) Incompatibilidade: Non estar afectado por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

e) Habilitación: Non haber sido separado mediante expediente

disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. En caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que lie impida, no seu estado, e nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Titulacións. Estar en posesión das seguintes titulacións:

1.- Para o xefe de brigada: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, Técnico en Traballos Forestais e Conservación do Medio Natural ou Formación Profesional Equivalente. Deberá posuír o carné de conducir clase B.

2.- Para os traballadores de retén de incendios: Agrupacións profesionais sen requisito de titulación.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá aportarse o documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación.

g) Galego: Acredita-lo coñecemento da lingua galega de acordo co establecido na Lei 2/2015, de 29 de abril de 2015. A acreditación do coñecemento escrito farase por medio da presentación, como mínimo, do certificado do Celga 2. No caso de non posuír ningunha titulación que acredite o coñecemento do galego, realizarase un exercicio previo de tradución que consistirá na tradución dun texto de castelán a galego, no tempo que sinale o tribunal e que será como máximo dunha hora. Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario par supéralo obte-lo resultado de apto, e corresponderalle ó tribunal determina-lo nivel de coñecementos esixidos para acadar dito resultado. A anterior proba poderá substituírse, para o caso dos traballadores de retén de incendios, pola realización da entrevista en galego, co resultado da entrevista o tribunal calificará como apto ou non apto a proba de galego ademais de puntuar a entrevista.

Todos os requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do solicitante o día que remate o prazo de presentación de solicitudes.

## **QUINTA.- FUNCIONS**

As funcións a realizar polas brigadas serán as que se especifican a continuación tal e como recolle o convenio de colaboración asinado coa Xunta:

-Que os componentes da brigada realicen labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexa requeridas para a defensa destes, durante cada un dos 3 meses de operatividade de cada unha delas, con plena dispoñibilidade, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

-Actuar dentro do termo municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participe nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48.6 da Lei 3/2007 e o PLADIGA. A integración no dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (en adiante SPDCIF) realizarase baixo o mando único descrito no PLADIGA.

-Realizar as labores de prevención, que consistirán na roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional e desenvolveranse en vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre as cales a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia ou superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición. Todo elo cando non sexa posible a mecanización de ditos traballos.

-Dar prioridade aos traballos de extinción de incendios forestais respecto aos traballos de prevención.

## **SEXTA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR E PRAZO.**

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes, previamente seleccionados pola oficina de emprego interesados no posto de traballo,

deberán cubrir a solicitude que se lles facilitará nas oficinas dos Concellos Mancomunados, antes sinalados.

Dita solicitude dirixirase ó Sr/a. Alcalde/sa, presentándose no Rexistro Xeral do Concello onde queren prestar servizo ou polas outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, durante o prazo de 5 días naturais, contados a partir do día seguinte á preselección feita pola oficina de emprego.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas. A documentación a incluír será a mesma que si se presentase a solicitude no Rexistro Xeral do Concello.

Non obstante, de non presentarse no Rexistro Xeral, é necesario que os/as interesados/as, dentro do prazo de presentación, remitan por fax ós concellos, avisando da presentación da solicitude por algún dos outros medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas

Xunto coa instancia (ANEXO I), deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte en vigor.

Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún estado ó cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. E así mesmo, os familiares dos anteriores deberán presentar ademais fotocopia cotexada dun documento que acredite esta condición.

Os aspirantes estranxeiros distintos dos anteriores deberán presentar ademais da fotocopia cotexada do pasaporte, a tarxeta de identidade de estranxeiro que habilita para residir en España e traballar nas prazas ofertadas.

- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar

separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público. (ANEXO II)

- Fotocopia compulsada da titulación requirida para o acceso ós postos. No seu defecto, e de se-lo caso, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo; no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.
- Cando proceda, fotocopia compulsada do permiso de circulación esixido, vixente, e que teña validez para poder ser utilizado en territorio nacional español.
- Declaración de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións a levar a cabo respecto da praza á que se pretende optar (Anexo II).
- Relación de méritos que alega e documentación **xustificativa orixinal ou debidamente compulsada** de cada un deles.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

### **SÉTIMA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.**

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de concurso de méritos, e os candidatos que no prazo establecido presentaran a súa documentación.

#### **Fase de concurso: (puntuación máxima de 15 puntos).**

##### ***1.-Experiencia profesional:***

A puntuación máxima que se poderá obter por este apartado sería de 5 puntos:

a) Por cada mes de traballo en postos idénticos ou similares á praza á que se opta nos últimos cinco anos: 0,10 puntos/mes.

Soamente se terán en conta meses completos, non puntuándose

períodos fraccionados. A puntuación reducirase proporcionalmente cando os servizos prestados sexan a tempo parcial.

Para a xustificación deste apartado , os/as aspirantes deberán presentar orixinal ou copia compulsada de **informe de vida laboral** expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e orixinais ou copias compulsadas dos **contratos de traballo ou certificados de servizos prestados** onde se acredite o posto desempeñado, xornada e duración do traballo. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

### ***2.-Estar en situación de desemprego:***

Pola inscrición acreditada como demandante de emprego: 0,10 puntos/mes, ata un máximo de 1 punto.

Será preciso presentar informe actualizado do servizo público de emprego acreditativo da situación de desemprego e duración da mesma.

### ***3.-Coñecemento do Medio Físico do Concello onde queren prestar servizo;***

Por acreditar vinculación territorial do candidato/a ó ámbito municipal e o coñecemento da realidade física e social do concello, acreditándose ambos mediante certificado de empadramento cunha antigüidade de cando menos 1 ano anterior á publicación da presente convocatoria: 0,50 punto.

### ***4.-Formación previa: (puntuación máxima 3 puntos)***

Cursos impartidos por centros oficiais ou organizados ou impartidos por centros de formación dependentes das administracións públicas, e sempre relacionados coas funcións propias da praza á que se aspira:

- Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos.
- Cursos de 21 a 50 horas: 0,20 puntos.
- Cursos de mais de 51 horas: 0,50 puntos.

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia compulsada dos certificados ou diplomas acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas do curso, entenderase que ten unha duración inferior a 20 horas e puntuarase con 0,10 puntos.

Non serán obxecto de valoración as certificacións de academias privadas se non se xustifica a preceptiva homologación.

Únicamente se atenderá os cursos acreditados segundo o exposto,

non valorándose xornadas, conferencias, seminarios,...

**5.-Coñecemento da lingua galega: (puntuación máxima 0,50 puntos)**

Computarase unicamente ó grao superior alegado.

-Curso de iniciación ó galego ou CELGA 3: 0,10

-Curso de perfeccionamento ou CELGA 4: 0,20

-Curso medio: 0,40

-Diploma de tradutor de linguaxe administrativa: 0,50.

**6.- Entrevista persoal. (puntuación máxima 5 puntos)**

A entrevista, que será obrigatoria e eliminatoria, servirá para valorar non só o coñecemento do medio senón tamén as funcións, cometidos e coñecemento do material a utilizar no desenvolvemento da súa labor.

**OITAVA.- TRIBUNAIS DE SELECCIÓN.**

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, estará integrado por un presidente, dous vogais e un secretario e os seus respectivos suplentes, sendo nomeados polo Alcalde do Concello e publicados no taboleiro de anuncios de cada Concello:

Todos os membros do tribunal, deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán voz e voto.

Segundo o recollido no art. 60 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

#### **NOVENA.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.**

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución da Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as ó procedemento, que se fixará no taboleiro de anuncios de cada concello, concedéndose un prazo de **dous días hábiles** contados dende o mesmo día ó da publicación da lista, para reclamacións corrección de erros ou subsanacións que soamente poderán ser formuladas polas persoas excluídas. Así mesmo, tamén aparecerá nesa resolución a composición do tribunal cualificador.

No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoa ou desestimándoa con publicación de novo da lista definitiva. No caso de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

Por Resolución de Alcaldía determinarase o lugar, data e hora de realización da entrevista, que será publicada no taboleiro de edictos de cada Concello.

Os aspirantes serán así convocados para a realización da entrevista en chamamento único, sendo excluídos da selección os que non comparezan,

agás nos casos debidamente xustificados. Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI ou pasaporte.

O tribunal procederá a realización entrevista, e en segundo lugar procederase á valoración dos méritos alegados polos/as candidatos/as, publicándose no taboleiro de anuncios do Concello as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Para valora-los méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos (**orixinais ou fotocopias compulsadas**); en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello.

A información de carácter persoal contida nas mesmas será posíbel baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando tomar parte no proceso, dan a súa autorización para que se empreguen os seus datos persoais.

Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia á puntuación obtida dentro da experiencia profesional; de persisti-lo empate, a persoa que leve máis tempo empadroada no concello.

O Tribunal, en ningún caso, poderá propoñer un número superior de aspirantes a contratar que o de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

#### **DÉCIMA.- PROPOSTA E NOMEAMENTO.**

Valorados todos os méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o tribunal formulará a proposta de nomeamento a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, publicándose no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Os/as aspirantes seleccionados/as realizarán obrigatoriamente nas datas que se determinen un **recoñecemento médico** e unha **proba de aptitude física de esforzo** para poder comprobar as súas condicións de saúde para o traballo a realizar; ditas probas valoraranse como apta ou non apta, sendo un dos requisitos para poder ser contratado/a acadar a valoración de apto/a tanto no

recoñecemento médico como na proba física de esforzo.

No suposto de non superarse o recoñecemento médico ou a proba de aptitude física entón seguirase chamando os/as aspirantes pola orde de puntuación acadada no presente procedemento.

Previo á formalización dos contratos, os/as aspirantes seleccionados/as deberán realizar obrigatoriamente un **curso** de formación organizado pola Mancomunidade Terra de Celanova de carácter **teórico-práctico** que versará sobre a prevención e defensa contra incendios forestais; en caso contrario, que o/a aspirante non realizase o curso, entón non será contratado/a, quedando anuladas todas as súas actuacións e non tendo ningún dereito respecto o concello onde solicitase participar na selección, pasando neste suposto a chamarse á persoa que corresponda segundo a puntuación acadada no procedemento de selección.

Ata que se formalicen os contratos e se incorporen os/as traballadores/as ós postos, estes/as non terán dereito á percepción económica algunha.

O acordo definitivo que adopte o/a Alcalde/sa será publicado no taboleiro de anuncios do Concello respectivo, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

#### **UNDÉCIMA.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO**

Con todos aqueles/as aspirantes que non sexan propostos/as para a súa contratación, elaborárase unha bolsa de traballo ou lista de reserva, unha para cada categoría, e que se configurará por orde de puntuación obtida no procedemento, coa finalidade de acudir a ela para cubri-los postos obxecto da presente convocatoria nos supostos do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores (baixas, substitucións, etc.).

No suposto de acudir a bolsa de traballo, soamente procederá a formalizarse o contrato sempre e cando se supere o recoñecemento médico, a proba de aptitude física de esforzo e o curso que obrigatoriamente hai que facer.

A bolsa estará vixente ata a data de finalización do convenio que se asina coa Xunta e a través do cal se realizan as presentes contratacións.

Cando sexa necesario acudir á mencionada bolsa, sendo o concello quen decide esta situación, selecciónase ó/á primeiro/a da bolsa e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto, o que suporá quedar excluído/a definitivamente da bolsa, salvo que se

deán as circunstancias de estar xa traballando, enfermo/a, non estar dispoñible por estar ó coidado dun/dunha familiar enfermo/a ou estar realizando algún curso de formación presencial coa finalidade de situarse en mellores condicións para acceder ó mercado laboral, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.

Se un/unha aspirante presenta a renuncia durante a vixencia do contrato pasará a ocupar o último lugar da bolsa.

Os/As aspirantes que estivera/n contratados/as, unha vez rematado o período de contratación volverán a ocupar o lugar que tiñan na lista por orde de puntuación.

#### **DUODÉCIMA.- INCIDENCIAS**

Contra estas bases, a convocatoria e cantos actos se deriven das mesmas e da actuación do tribunal, poderanse interpoñer impugnacións polos/as interesados/as nos casos e na forma previstos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar resolucións, criterios ou medidas necesarias para o bo desenvolvemento do proceso naqueles aspectos non previstos por estas bases.

## ANEXO I

### MODELO DE INSTANCIA

D<sup>a</sup> .....  
provisto/a de D.N.I. n°..... con  
endereço na R/.....n°.. ..piso..  
.....

C.Postal.....Localidade.....Municipio.....  
..... Provincia.. .....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello  
de \_\_\_\_\_ para a contratación laboral temporal (contrato de  
servizo determinado), a xornada completa, de:

- Xefe de Brigada prevención e defensa contra incendios forestais.
- Traballador de retén de Brigada prevención e defensa contra incendios forestais.

Márquese ó/s posto/s ó/s que se pretende optar, podéndose presentar cunha  
mesma solicitude á diferentes categorías.

#### DECLARO:

1°.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

2°.- Solicito ser admitido/a ó referido procedemento, e comprométome  
a someterme ás bases que o regulan.

3°.- Que autorizo á Concello de..... para a publicación dos meus  
datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión,  
no taboleiro de anuncios do Concello, ao ser a publicidade un dos principios  
legais que debe observarse nos procedementos de selección.

\_\_\_\_\_ de... de 2017

SR/A. ALCALDE/SA DO CONCELLO DE \_\_\_\_\_

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/a.....provisto/a de

D.N.I. nº....., con endereço

.....na

R/.....núm.....piso.....

..... C.P.....Localidade.....,Municipio.....

Provincia.....Teléfono .....

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

En....., a.....de.....2017

Asdo: